



CAMPO DE VOLUNTARIADO "MONTE DA ESPENUCA" (COIRÓS-A CORUÑA)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
21/07 - 01/08/2025	18-30	Internacional	Medioambiental	15

LOCALIZACIÓN

Coirós é un concello da provincia da Coruña, pertencente á comarca de Betanzos.

Está situado ao noroeste da provincia da Coruña e limita ao norte con Betanzos e Paderne, ao sur con Oza dos Ríos e Aranga, ao leste con Aranga e Irixoa e ao oeste con Oza-Cesuras. É atravesado pola estrada N-VI e a autovía A6 que unen Madrid e A Coruña. O concello conta con dous ríos, o Mandeo e o Mendo, xunto cos seus afluentes.

DESCRICIÓN DO CAMPO

Co desenvolvemento deste campo de voluntariado preténdese recuperar un bosque autóctono e manter e mellorar os ecosistemas asociados, así como mellorar a contorna dun lugar de interese ambiental, cultural e patrimonial, dando continuidade ao labor feito nas edicións precedentes do campo, para o que se desenvolverán as seguintes actividades:

- Eliminación de especies exóticas invasoras.
- Retirada de lixo da zona dos regos.
- Corta de especies alóctonas como acacias, eucaliptos etc., do tamaño que permitan as ferramentas que se van empregar. Arrincado de raíz daqueles exemplares pequenos que o permitan.
- Coidado e protección de especies autóctonas como carballos, castiñeiros, queirogas, etc.
- Limpeza e acondicionamento de camiños, sendeiros e estruturas tradicionais, como muros, etc.

NOTA: este campo non dispón de accesos para persoas con discapacidades físicas.



ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Piscina municipal e praias próximas.
- Asistencia a festas tradicionais e a eventos culturais e deportivos celebrados no concello.
- Rutas de sendeirismo ou caiaç pola ría ou polo Mandeo.
- Visitas a lugares de interese de Coirós e concellos próximos dentro da Reserva da Biosfera As Mariñas e Terras do Mandeo; ao Parque Natural das Fragas do Eume; ás cidades de Betanzos e A Coruña.

ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

As persoas participantes estarán aloxadas no pavillón polideportivo da Cortella.

<https://concellocoiros.com/instalaciones/acortella-2/>



INCORPORACIÓN, PUNTO DE ENCONTRO

O punto de encontro, a partir das 16:00 h do día de inicio do campo, será diante da Casa do Concello de Coirós (Lugar de Coirós de Arriba, núm. 16).

COMO CHEGAR

Por estrada:

- Servizo A Coruña-Santiago-Pontevedra-Vigo, Empresa Monbus (www.monbus.es) T. 902 292 900
- Servizos Costa da Morte, Compañía Autos Vázquez: T. 981 254 145 Compañía Aucasa: T. 981 588 811



COTA

CENTO DEZ (**110 €**) euros. As persoas posuidoras do Carné xove, título de familia numerosa, familia acolledora ou familia monoparental: OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (**82,50 €**).

DEVOLUCIÓN DA COTA

Circunstancias que dan dereito á devolución da cota:

- a) Anulación da actividade ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.
- b) Ingreso hospitalario ou causa médica grave que afecte á persoa interesada e lle impida incorporarse ao campo. Deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresada.

c) Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.

d) Abandono da actividade por calquera dos motivos recollidos na letra b), sempre e cando non transcorrese máis do 50% dos días de duración do campo.

EQUIPO ACONSELLABLE

- Útiles de aseo e toalla de ducha.
- Saco de durmir e mochila para rutas.
- Calzado axeitado para montaña e calzado deportivo.
- Roupas: de deporte (suadoiros), de baño (traxe de baño, toalla, chancletas...), de abrigo (roupa axeitada para poder realizar o traballo no caso de chuvia ou frío), de auga (chuvasqueiro), de traballo (luvas, gorro, calzado cómodo, botas de montaña...).



DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.



SEGURO

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude: camposdevoluntariado.xuventude@xunta.gal

INFORMACIÓN ADICIONAL

xuventude.xunta.es Portal da Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos, ocio e tempo libre, actividades, formación...

@xuventudegalicia Redes sociais da Dirección Xeral de Xuventude.

